

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO

Aprobación: 11/10/89 - B.O.P.: 27/12/89

Modificación: 06/11/92 - B.O.P.: 22/01/93

Modificación: 24/01/05 - B.O.P.: 23/02/05

Modificación: 20/02/06 - B.O.P.: 05/04/06

Modificación: 18/12/06 - B.O.P.: 22/12/06

Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08

Modificación: 11/10/10 – B.O.P.: 15/11/10

Modificación: 23/12/13 – B.O.P.: 30/12/13

Modificación: 11/02/16 – B.O.P.: 29/03/16

Modificación: 29/02/16 – B.O.P.: 31/03/16

Modificación: 27/07/17 – B.O.P.: 14/11/17

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.3 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola recollida de lixo, que rexeráse pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. En dito servizo non só queda comprendida a recollida de tales residuos, senón tamén as actuacións relativas ó seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento.

2. A tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos ou perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas no que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, arrendatario ou incluso de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios dos servizos.

Artigo 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. REDUCCION DA COTA TRIBUTARIA.

Dacordo co estipulado no artigo 24. 4 do TRLRFL:

1. Terán unha redución do 100% da cota da taxa de lixo da vivenda que constitua a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 6.155 € para unidades familiares. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para disfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.1 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase ós seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.2 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase ós seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.3 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.4 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ó seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a custodiola e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.6 No caso de persoas que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.7 No caso de persoas en situación de “dependencia en calquera dos seus tres grados”, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.8 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.10 Presentaran solicitude de redución da cota unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a redución da cota, se procede, nos sucesivos exercicios.

2. As solicitudes de redución da cota deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas. Unicamente para o ano 2016, permitirase que estas reducións de cota produzan, se resultasen estimadas, os efectos no citado ano 2016, para o cal as solicitudes deberán presentarse no primeiro trimestre do citado ano.

De presentarse algunha solicitude de redución da cota entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, será tramitada, igualmente, entre o 1 de outubro e o 31 de decembro, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel en que fora formulada.

3. Nos casos de falecemento, modificación do enderezo ou outra circunstancia que puxera de manifesto no primeiro trimestre do ano a improcedencia da redución, a Administración tributaria de oficio procederá a incluír no Padrón Fiscal o correspondente recibo devengado o 1 de Xaneiro.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria desta taxa será a que figura no Anexo desta Ordenanza.

Artigo 7. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. A taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo ten carácter periódico.

2. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día do período impositivo, que coincide con ano natural; salvo nos supostos de inicio ou cese da prestación do servizo, en cuxo caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia.

3. Cando o período impositivo da taxa esixida sexa inferior ó ano natural, o seu importe se prorrateará por trimestres naturais, computándose completo o de inicio ou cese na prestación do servizo.

Artigo 8. XESTIÓN E LIQUIDACIÓN.

A Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, xestionarase mediante padrón, salvo nos supostos de alta no tributo, que o será mediante a práctica dunha liquidación que será notificada individualmente.

A tal efecto, nos supostos de alta, o obrigado tributario deberá presentar unha declaración na que manifieste a realización do feito imponible e comunique os datos necesarios para que a Administración Municipal cuantifique a obligación tributaria mediante a práctica da liquidación correspondente.

En todo caso, os obrigados tributarios deberán poñer en coñecemento da Administración Municipal toda modificación sobrevenida, que poda orixinar baixa ou alteración no padrón no prazo de dous meses desde que se produza a circunstancia determinante da modificación.

Artigo 9. INGRESO.

1. Unha vez producida a alta, a Taxa pola recollida de lixo exaccionarase por padrón, esixíndose o importe da mesma de acordo cos prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación para as débedas por recibo.

2. Os ingresos efectuaranse nos lugares e prazos que se conteñan dos documentos cobratorios.

Artigo 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto na Lei 58/2003 Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA: Queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por recollida de lixo a partir da entrada en vigor desta Ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta modificación entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partires do 1 de xaneiro de 2018 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As citadas variacións, unha vez aprobadas, entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P. e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O

1. A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a que segue:

A) Domicilios particulares.

a) Núcleo urbano e Polígonos Residenciais de Torneiros 27,96 €.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo

b) Parroquias rurais	20,97 €
B) Establecementos mercantís, comerciais, industriais e profesionais:	
a) Ata 25 m2 de superficie	41,94 €
b) Máis de 25 a 50 m2	45,44 €
c) Máis de 50 a 100 m2	69,89 €
d) Máis de 100 a 200 m2	104,84 €
e) Máis de 200 a 400 m2	209,70 €
f) Máis de 400 m2 a 1.000 m2	350,00 €
g) Máis de 1.000 m2 a 3.000 m2	550,00 €
h) Máis de 3.000 m2 a 5.000 m2	750,00 €
i) Máis de 5.000 m2 de superficie.	900,00 €
